



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E CURSOS INTERNACIONAIS DA USC, S.L. PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACCIÓNS PROMOCIONAIS DO CAMIÑO DE SANTIAGO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Sociedade Cursos Internacionais da USC, S.L. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a entidade Cursos Internacionais da USC, S.L. para levar a cabo a realización conxunta de accións promocionais do Camiño de Santiago e dos cursos de temática xacobeá organizados por Cursos Internacionais da USC, S.L. coa finalidade de incrementar o número de estudantes internacionais que elixen Santiago de Compostela como destino educacional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia apoia as iniciativas conducentes á promoción do Camiño de Santiago no estranxeiro, por considerar que isto redunda positivamente no turismo que é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Segundo.- Que a sociedade Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, S.L. foi constituída o día 28 de decembro de 1995. A sociedade é transformada en Sociedade de Responsabilidade Limitada en escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Nelson Rodicio Rodicio, en data 15 de decembro de 2006,





posteriormente complementada por escritura ante o mesmo Notario, o 1 de outubro de 2007, procedéndose no exercicio 2007 á inscrición da transformación no Rexistro Mercantil da Coruña, no Tomo 262, Folio 150, Folla C-15.962.

Terceiro.- Que a sociedade Cursos Internacionais da USC, S.L. constituíuse co obxecto de servir de apoio instrumental á Universidade de Santiago de Compostela para:

- Impartir cursos de español a estranxeiros ao longo de todo o ano.
- Impartir cursos de galego para estranxeiros ao longo de todo o ano.
- Organizar os exames para a obtención de Títulos Oficiais de español.
- Organizar a edición de materiais destinados á ensinanza do español para estranxeiros.
- Organizar cursos especializados e monográficos relacionados coas actividades indicadas.

A sociedade atenderá así mesmo ao desenvolvemento das actividades indicadas, promovendo a organización de viaxes, excursións, organización de actividades culturais dentro do ámbito sinalado, aloxamento dos asistentes e cantas actividades ou funcións sexan anexas ou complementarias das anteriores e, en xeral, tódalas orientadas á mellor e máis completa formación dos estudantes.

Cuarto. A través deste convenio, outórgase a Sociedade Cursos Internacionais da USC, S.L. unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Axencia Turismo de Galicia



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

